



RC CEIPRAQUEL CAMACHO



Revista anual
A Coruña_xuño_2022

Un proxecto de cole
EMOCIÓNS
Xesta emocional

Raquel
CamaCHEFS
Receitas sas e divertidas

Mira dentro a de cousas que temos para contarte
E MOITO +
Poemas, chistes, pasatempos...

DISPONÍBLE NA PÁXINA WEB
con máis contidos interactivos

VIVEIRO

2021-2022

*Nunca debemos evitar nin reprimir nin facer
sentir vergonza ao neno que expresa as súas
emocións e sentimentos.*

Julio Rodríguez



Licenza Creative Commons

Atribución-Non comercial-Compartir Igual CC BY-NC-SA

Es libre de:

Compartir: copiar e redistribuír el material en calquera medio o formato.
Adaptar: mesturar, transformar e crear a partir do material.

Baixo as condicións seguintes:

Recoñecemento: debe recoñecer adecuadamente a autoría, proporcionar unha ligazón á licenza e indicar se se realizaron cambios.

Non Comercial: non pode utilizar o material para unha finalidade comercial.

Compartir Igual: se mestura, transforma ou crea a partir do material, deberá difundir as súas contribucións baixo a mesma licenza que o orixinal.

ÍMOSCHE CONTAR TODO ISTO

SAÚDO DA DIRECTORA.....	5
XESTA EMOCIONAL.....	7
<i>LapBook</i> das emocións.....	8
Que lemos na nosa clase?.....	10
Historias non contadas.....	12
Danza en MUS-E.....	14
O meu verán máis emocionante.....	16
As nosas emocións ao marchar do cole.....	18
MISCELÁNEA.....	21
A viaxe de Walt.....	22
Saída ao Ágora.....	24
<i>Travelling tales</i>	26
Somos astronautas!.....	28
Pintura en MUS-E.....	30
Voz Natura.....	32
Máis verde no cole.....	36
As plantas medran, nós tamén.....	38
Raquel CamaCHEFS!.....	40
O RAQUEL CAMACHO MÁIS LITERARIO.....	43
Letras Galegas 2022.....	44
Historietas.....	46
Certamiño poético.....	48
Galechisteando.....	50
PASATEMPOS.....	53
Imposible aburrirse!.....	54
O noso cole na rede.....	59
QUE LER NO VERÁN?.....	61
Que ler no verán?.....	62
En galego.....	62
En castelán.....	63

*Os procesos fisiolóxicos que producen as
emocións non mudan; o que cambia é a forma
na que os interpretamos.*

Héctor Ruiz Martín

SAÚDO DA DIRECTORA

Prezados lectores e lectoras:

Rematan neste 22 de xuño 175 días cargados de sentimentos e emocións.

Familias que **chegan por primeira vez ao centro**, temerosas de deixar aos seus fillos/as tan pequenos/as no colexio, preocupados por se chorarán toda a mañá, por se se magoarán, por se comerán a merenda, por se enfermarán...

Familias que chegan **doutros países** coa nostalxia, pero coa valentía de abandonar o seu fogar e coa preocupación e incerteza de non saber o que lles deparará o destino.

Familias que, **tranquilas**, nos confían un ano máis a educación dos seus fillos/as.

Persoal do centro preocupado porque todo funcione.

Mestras e mestres dedicados ao seu alumnado, sorprendidos de canto medraron desde o curso pasado, orgullosos do que avanza día a día, e sobre todo comprometidos co labor de atender a todos e cada un do noso alumnado respectando os seus ritmos e as súas diferenzas, tentando educar a mente e o corazón, xa que como dixo Aristóteles: *educar a mente sen o corazón non é educar en absoluto*.

E o máis importante de todo, o noso **alumnado**, nenos e nenas pequenos asustados de quedar sós no colexio, desgustados por ter que desapegarse das súas familias... e outros contentos, excitados, asombrados de ver tantas cousas, nerviosos e alegres porque se acaban de atopar cos amigos do parque ou da gardería, que cansos de xogar rematan durmidos despois do recreo.

Nenos e nenas que **volven** un ano máis ao colexio, ilusionados, felices e interesados por ver aos compañeiros/as cos que día a día pasarán moitas horas, cos que ás veces se enfadan no recreo, se admiran, senten rabia porque perderon o partido, frústranse porque non sae o problema, desgústanse porque non o escolleron para o equipo, impacientanse por saír ao recreo, preocúpanse porque un amigo está enfermo, abúrense porque un tema non lles gusta, senten vergoña porque non queren saír ao encerado, saen triunfantes porque gañou o seu equipo...

Nenos e nenas que **rematan** a súa viaxe pola etapa de Educación Primaria e que agardamos que recorden con tenrura, cariño e felicidade. Unha etapa na que viviron un feixe de **emoções** que seguirán formando parte da súa vida, porque como dixo Vincent Van Gogh: *non esquezamos que as pequenas emocións son as grandes capitás das nosas vidas e obedecémolas sen darnos de conta*.



Rosa M. Mosteiro Neira

*A ledicia debería ser a **emoción** predominante nos centros educativos, nas familias e na sociedade en xeral.*

David Bueno i Torréns

XESTA EMOCIONAL

6º B DE EDUCACIÓN INFANTIL

LapBook das emocións

Os contos O monstro de cores e O peixe Arcodavella e a película Del revés axudáron-

nos a construír noso LapBook das emocións. Aquí vos deixamos uns anaquiños.



Que sentes ao ver estas imaxes?



Alegría



Tristeza



Medo




Rabia

Gustounos moito a película *Del revés* e os flocos! (>_<)



O conto *O peixe Arcodavella* de Marcus Pfister é un dos nosos preferidos.■



3º A DE EDUCACIÓN PRIMARIA

Que lemos na nosa clase?

*Ao mellor dáche unha pista
ler esta crónica en verso e fi-*

*xándote un chisco. Unha pista:
María Reimóndez.*

A novela que lemos este curso

Fascinounos aos de terceiro.

Obtivemos moitas aprendizaxes

Respecto ás persoas e o mundo enteiro:

Merece a pena coñecer xente nova

Indo polo mundo adiante descubrirás cousas boas

Gañarás moitos amigos e

Aprenderás a importancia das pequenas cousas.




Desfrutamos coa lectura e

Entretivémonos debuxando a súa historia.

Se queres pasar un bo rato,

Ten este libro cerca

Elerás un gran relato.



Maria Reimóndez é a súa autora,

Invitámola a visitarnos e

Dialogamos sobre a historia.

Adiviñas como se titula o libro? ■



María Reimóndez no cole.

6º A DE EDUCACIÓN PRIMARIA

Historias non contadas

A exposición do fotógrafo Peter Lindbergh, na nosa cidade, serviunos para coñecer a súa obra, que revolucionou o mundo da moda. Mais tamén para coñecernos a nós mesmas.



A exposición foi no porto, sobre o fotógrafo Peter Lindbergh. Estivo entretida porque ao comezo déronnos unha introdución do que nos íamos atopar e sobre a fotografía en xeral. Houbo moitas imaxes, todas diferentes; xa sexa polos tamaños, cores ou contextos, ata había imaxes dalgúns famosos.

Foi unha excursión moi interesante, explicábanos as fotos

máis importantes e faciánnos preguntas. Ao final fixéronnos fotografías a nós e así rematamos a saída.

Días despois, trouxeron as nosas fotos ao colexio, pasamos un bo momento pegándoas no corredor, eran bastantes, pero divertímonos. Ao final, grazas a esa saída quedounos un bonito recordo na escola.

María E. García González

A exposición foi nunha parte do porto á que non se pode acceder normalmente, pero que tivemos a oportunidade de coñecer.

Cando entramos ao edificio había cadros por todas partes, unha rapaza ensinábanos cada sección. Nunha delas había un vídeo dun señor que tiña condena de morte, uns minutos antes do seu final... Estaba moi triste.

A [Peter Lindbergh](#) non lle gustaba que a xente se colocara

nunha posición determinada para as fotos, dicialles que se moveran libremente mentres el tomaba as fotos.

Despois tamén nos fixeron a nós fotografías mentres saltabamos, andabamos...

Finalmente, imprimíronas nuns carteis e deixaron uns espazos en branco que fomos completando con carteis de cores nos que escribimos o que máis nos gustou da exposición.

Diana C. Abel Lado



1º A E B DE EDUCACIÓN PRIMARIA

Danza en MUS-E

Esta foi a nosa primeira toma de contacto con este proxecto

No 1º trimestre comezamos un proxecto no que, a través da danza, expresamos a nosas emocións.

Este proxecto MUS-E entende a arte como ferramenta de comunicación.

impulsado pola Fundación Yehudi Menuhin.

Emprega a danza e mais a plástica como forma de expresión de sentimento, crecemento persoal, inclusión, traballo en equipo... incidindo na tolerancia e respecto polos iguais e polo medio ambiente.



Se todos fóssemos iguais, non poderíamos ofrecernos nada uns aos outros.

Yehudi Menuhin

Como ves na páxina do lado, aprendemos a escoitarnos a nós mesmos e aos demais.

Grazas a danza, aprendemos a usar o noso corpo como forma de expresarnos.



Mira que ben o pasamos! ■



3º B DE EDUCACIÓN PRIMARIA

O meu verán máis emocionante

Os nenos e nenas de 3º B lembramos o verán que máis nos emocionou e que xamais

Leo Fernández lembra que no ano 2019 fomos por case toda Galicia visitando moitas cousas: as fervenzas do Ézaro, o Monte de Santa Tegra pero, sobre todo, a illa da Toxa que estaba caracterizada como na película O Señor dos Aneis! **Erik Aradas** cóntanos que fun á praia cos meus avós e atopei un cangrexo. Estreei a miña pistola de auga e pesquei co meu trueiro. Logo

esquecemos. Velaquí algunhas das nosas experiencias.

*funme mergullar co meu avó e a facer castelos de área. A miña avoa mercoume un xeado de cola. Para **Raquel García** é inesquecible que no verán de 2020 foi a Alicante porque alí están os seus avós e maila súa tía. Miña nai e máis eu fomos á xea-dería e eu pedín un xeado de chocolate e miña nai un de amoro, conta Raquel.*



Leo Fernández López



Sophie Von Diéguez Bermúdez



Raquel García Álvarez

Noa del Río lembra que en 2020 fun a Chamín cos meus avós e a miña tía aos que había moito tempo que non vía. Fomos todos os días á praia e á piscina. Xogamos todos xuntos e paseino xenial! Para **Andrés Rojas** foi especial o día do verán de 2017 no que estaba na praia cos meus avós e atopamos unha estrela de mar. Miña avoa colleuna e sacamos todos unha foto coa estrela. Logo fun nadar e puideron ver unha chea de peixes. Cando tiña

5 anos, foi moi especial para min porque fun nun cruceiro a Nova York. Era fermoso e moi grande, recordábanos pola súa banda **Diomar Toribio**. E, finalmente, **Yago Mandado** narra cun sorriso aquela vez cando no ano 2018 foi a Benicásim, que está na Comunidade Valenciana, para visitar aos seus avós. Non me esquezo do quente que estaba a auga e do salgada que era. Para min foi moi especial ese verán, di. ■

6º B DE EDUCACIÓN PRIMARIA

As nosas emocións ao marchar do cole

O alumado de 6º marchamos do Raquel Camacho, algúns de nós despois de moitos anos,

Sinto moita morriña ao marchar da miña segunda casa. Aquí aprendín a ler, fixen a miña mellor amiga, fixen pizza... Pero o noso camiño segue adiante e teremos que dicir ADEUS.

Lucía

Eu sinto tristeza xa que despois deste curso ao mellor non volvo a xogar cos meus amigos ao non ir ao mesmo instituto ca eles, pero tamén estou contenta por empezar unha nova etapa.

Angella

Vou a estar triste e sentir morriña por non estar cos mesmos compañeiros e mestres, pero tamén feliz por coñecer novas persoas e aprender cousas novas. Cando sexa maior recordarei os bos momentos no cole.

Eli

pero non sen antes lembrar as nosas vivencias no colexio.

A min gustoume moito o colexio, aínda que ao principio custoume adaptarme polo idioma. Non falaba con ninguén e estaba enfadado. Pero logo funme adaptando e relacionándome cos demais.

Mamadou

Unha das cousas que nunca esqueceréi foi cando pasei de Infantil a Primaria e subín por primeira vez esas escaleiras...

Nico S.

Ao marchar do cole estou un pouco asustado porque pasamos a ser os pequenos do instituto. Tamén sinto tristeza por despedirme dos profesores e dalgúns amigos que non van ao mesmo instituto. Nostalxia polos bos momentos que pasamos. Intriga por saber como é o instituto, pero tamén alegría porque no instituto tamén van vir cousas boas. Do cole botarei de menos as excursións, os concursos, os talleres...

Diego



Estou feliz por terminar primaria e pasar a secundaria, pero dáme un pouco de medo porque cambian os horarios, os profesores e os compañeiros.

Adrián

Eu empecei no cole con 3 anos e fun cambiando de gustos e tamén fisicamente. Sei que vou botar de menos o cole, que vai ser duro pero o colexio sempre

estará preto de min. Os profesores e compañeiros fixéronme pensar na sorte que teño e tamén me axudaron a superar os meus medos.

Lorena

Síntome raro, unha sensación de medo con felicidade polo paso ao instituto.

Bruno



Así definimos o noso cole.

*Deixa pasar as nubes das **emocións**: ensina que os sentimentos veñen e van.*

Daniel J. Siegel

MISCELÁNEA

5º B DE EDUCACIÓN PRIMARIA

A viaxe de Walt

O pasado 13 de maio os grupos de 3º, 4º e 5º de E. Primaria fomos ao Palacio da Ópera


Parecía que todos estabamos moi emocionados. Pasámolo xenial no autobús. Cantamos, rimos coas nosas parellas, fixemos chistes... Ao chegar, vimos os outros colexios. Algúns ían con uniforme. Todos íamos murmurando o que pensabamos.

Cando entramos na sala do concerto, quedamos pasmados. Era xigantesca. Ao final, sentamos ao carón dos nosos mellores amigos, dispostos a gozar. Foi moi emocionante cando presentaron os diferentes colexios. Fixámonos tamén moito

para escoitar o concerto da Orquestra Sinfónica de Galicia, A viaxe de Walt.

na orquestra: podíanse ver desde contrabaixos, violíns, violonchelos, violas, frautas, clarinetes, trompetas, trombóns, trompas, tuba, pratiños, pandeireta, tambores ata un piano e unha arpa. E, obviamente, o director fronte a todos. Xa coa primeira canción comezamos a suar, agarrando as mans do compañeiro. Encantounos!

As imaxes dos fragmentos de películas axudaban aos nervios e ao goce. Cantabamos as cancións en baixiño. Ai!, e como cantaban aqueles rapaces... Espectacular!





A historia comeza con dous irmáns moi diferentes: Diana, extravertida e aventureira; Walt, tímido e responsable. Un día encontran un proxector máxico escondido nun cine vello que os transporta a diferentes películas de Walt Disney e ás cancións representativas de cada unha delas: *El ciclo de la vida*, *Supercalifragilisticoespialidoso*, *Suéltalo*, *Un poco loco*, *Hakuna Matata*, *Quiero ser como tú*, *Un mundo ideal*, *Qué hay más allá*.

Con cada historia aprenden un do outro e a coñecerse mellor,

de xeito que ao final Diana faise máis responsable e Walt máis aventureiro. A obra fainos reflexionar que sempre temos oportunidades para cambiar as nosas características e facer caso aos demais.

Como resumo final, todos coincidimos en que o traballo dos músicos e os cantantes foi alucinante, polo que resultou unha gran experiencia. Saímos moi felices!

Dora Leis, Óliver Pose, Antón Vilariño, Ikrame Erriki, Óscar Domínguez e Manar Sbaa




2º A DE EDUCACIÓN PRIMARIA

Saída ao Ágora


Fomos o 23 de marzo e alí contáronnos contos, lemos, fi-

xemos libros. Foi xenial, a verdade!



Fomos todas e todos xun-
tiños, camiñando con Susi e
Maite á biblioteca do Ágora. Alí
atendéronnos dúas simpáticas

bibliotecarias. Contáronnos uns
contos, algúns deles na panta-
lla.






Ensináronnos rimas para sor-tear. Tamén fabricamos uns avións cunhas rimas dentro.

Lemos, lemos e lemos e, can-do a visita remataba, collemos

os libros que máis nos gustaban para levar para a aula e devol-ver nun mes.

Foi moi entretida e divertida! ■



6° A DE EDUCACIÓN INFANTIL

Travelling tales

A nosa clase estivo a participar dentro da plataforma europea eTwinning nun proxecto

chamado Travelling tales (contos viaxeiros).



Pages

- DATA PROTECTION TIPS
- PROJECT SCHEDULE
- CHAPTERS OF OUR STORY
 - Chapter 1 from A Coruña (Spain)
 - Chapter 2 from Alanya (Turkey)
 - Chapter 3 from Candeleda (Spain)
 - Chapter 4 from Šilutė (Lithuania)
 - Chapter 5 from Adana (Turkey)
- MISCELLANEA
 - Making of from A Coruña (Spain)
 - > Mom and Dad descriptions
 - Making of from Candeleda

Mom and Dad descriptions

What does Mom look like?

She has black hair, brown eyes, a pink shoes and she is wearing a beautiful flower dress. She wears a red tiana in her hair and holds a purple bag with her hand.



What does Dad look like?

Dad always likes to wear a black and red T-shirt and shorts with black shoes. He has blue eyes and his hair and beard are red.




Tratábase dun proxecto de literatura para nenos e nenas de 3 a 7 anos que consistía en desenvolver unha historia de xeito colaborativo e gradual entre escolas de diferentes lugares de Europa: Turquía, Lituania e

outras partes de España. Como resultado final deste proxecto, creouse unha presentación con todas as pezas dunha historia inventadas polas seis escolas participantes!



E a primeira clase en comezar este *travelling tale* era a nosa. E así o fixemos.

Comezamos elixindo uns personaxes para a nosa historia (os que ves na páxina do lado). Despois puxémonos coa historia: facendo debates e votacións sobre as tramas.



Imaxinamos que os nosos protagonistas estaban perdidos no bosque e Mamá, enferma. Como sairían desta? Iso non o tiñamos que pensar nós. Nese momento, tocáballe traballar aos 13 nenos e nenas dunha escola de [Alanya, en Turquía](#). Eles serían a segunda das 6 clases participantes. ■



Situando as escolas participantes no mapa.

5º B DE EDUCACIÓN INFANTIL

Somos astronautas!

Sabedes como se chaman as persoas que viaxan ao espazo? Pois na nosa clase, estivemos

Cando descubrimos que son os astronautas, investigamos moitas cousas; como viaxan ao espazo, como viven na estación

descubriendo moito sobre eles e elas.

espacial ou que traxe necesitan para chegar ao espazo.

Tanto nos gustou que decidimos converternos en auténticos astronautas! Si, si, mira!




Repasamos.



Pintamos.

10-9-8-7-6-5-4-3-2-1-0
ASTRONAUTAS!



1º A E B DE EDUCACIÓN PRIMARIA

Pintura en MUS-E

Aquí estamos outra vez. Somos a xente de 1º e agora queremosche contar algo de

MUS-E que non trata especificamente das emocións.

Primeiro, comezamos dando renda solta á nosa imaxinación.



Despois, coñecemos as cores dun xeito moi pero que moi divertido.



Tamén creamos o noso propio bosque dunha maneira moi orixinal.



Axudamos ao medio ambiente utilizando materiais de reciclaxe para as nosas creacións. ■



4º A DE EDUCACIÓN PRIMARIA



Voz Natura

Un ano máis o noso cole participou no programa de educación medioambiental Voz Natura de La Voz de Galicia, co proxecto titulado O Rakonto

Verde que significa conto ou historia verde. Queres saber algunhas das cousas que fixemos?

RECICLAMOS

Traballamos na separación correcta de residuos nas aulas e baleiramos as papeleiras de papel e cartón e de envases plásticos nos colectores do edificio.



Debuxo de Sofía.



Debuxo de Elvis.

REUTILIZAMOS

Ao longo do curso aproveitamos de xeito creativo diferentes materiais de refugallo, procurándolles novos usos e para actividades plásticas.



Debuxo de Bruno.



No caso do horto, os cursos de Primaria empregamos envases de iogur para facer sementeiros de xirasois e diferentes cultivos de horta. Nas aulas de Infantil, reutilizaron botellas de plástico para plantar bulbos de tulipáns e narcisos. Tamén experimentaron coa plantación de céspede convertendo envases de deterxente en fermosas e orixinais macetas.



Debuxo de Cinthia.



Debuxo de Iago.

TRABALLAMOS NO HORTO E NO XARDÍN

Nos recreos os voluntarios e voluntarias coidamos as zonas verdes do colexio: limpamos, regamos, plantamos...



Debuxo de Cinthia.



No colexio temos unha gran variedade de plantíos de flor (no xardín, en macetas, no interior...). Este curso, para conmemorar o [Día de Rosalía de Castro](#), tódalas clases plantamos pensamentos.



Traballamos nos bancos de cultivo de amorodos que temos nos patios de Infantil e Primaria: abonamos e aireamos a terra, limpamos as plantas e as replantamos, colocamos os plásticos protectores a modo de invernadoiro e ocupámonos de regar.

Gozamos moito cos traballos no noso horto urbano: facemos sementeiros, procuramos espazos para as plantacións, preparamos a terra con abono, plantamos, regamos...

Temos unha gran variedade de cultivos: cabaciñas, allos, cenourias, tomates, variedades de leitugas, acelgas, espinacas, brócoli, repolo, pementos...

Achégase o tempo das primeiras colleitas!



GRAZAS a todas e todos por participar no proxecto Voz Natura!



VOZ NATURA

www.voznatura.es



4º B DE EDUCACIÓN INFANTIL

Máis verde no cole



Ata aquí os e s maiores fóronche contando o que facemos en toda a escola a través

de Voz Natura e agora chega a nosa quenda, a quenda da xentiña de Infantil.



No noso cole non contamos con moito sitio para poder gozar dos beneficios e a fermosura das plantas, pero buscamos o xeito de irlle gañando terreo ao cemento: xardineiras, bancos de cultivo, macetas... e os pequenos e pequenas de 4º B de Educación Infantil argallamos outra opción. Reciclamos as botellas de deterxente e suavizante e fixemos unhas caras ás que lles medrará o pelo.



Como ves, ese pelo de céspede aportará un pouquiño máis de verde ao noso cole.



No noso recuncho de Voz Natura temos aguacates, caracois e vermes de seda. Gústanos ver como medran todos estes seres vivos. ■




4º A DE EDUCACIÓN INFANTIL

As plantas medran, nós tamén



Este curso aprendemos as partes da cara, e tamén as partes das plantas. Por iso fi-

xemos un traballiño moi chulo que vos imos ensinar.




Collemos un vaso e enchémolo con terra. despois botámoslle sementes de céspede e regámolo.





Collemos un vaso e enchémolo con terra. despois botámoslle sementes de céspede e regámolo. Porque, xa sabes...



5º A DE EDUCACIÓN INFANTIL

Raquel CamaCHEFS!


Nas clases de Infantil experimentamos para aprender e na

nosa aula centrámonos moito na cociña e dásenos moi ben!



Por iso aproveitamos calquera momento do ano para sacar unha receita da manga ou probar sabores e texturas novas.





Este ano fixemos moitas cousas.

Polo **outono** probamos froitas típicas como o caqui e o limón.

No **magosto** por suposto asamos castañas e ata as fixemos cocidas.

En **samaín** batemos e metemos no forno un terrorífico biscoito de cabaza.

Polo **entroido** fixemos as filloas, e houbo degustación de rosquillas e orellas.

E moitas cousas máis como galletas ou flocos de millo.

Estamos a piques de gañar a nosa primeira estrela Michelin... ■



*Ningún outro aspecto da nosa vida mental é tan importante para a calidade e significado da nosa vida coma as **emocións**.*

Stanford Encyclopedia of Philosophy

O RAQUEL CAMACHO MÁIS LITERARIO


5º A DE EDUCACIÓN PRIMARIA

Letras Galegas 2022

A Real Academia Galega (RAG) elixiu este ano a Florencio Delgado Gurriarán e no

cole non deixamos pasar a ocasión de prender xogando a través del.

DÍA
DAS
LETRAS
GALEGAS
2022




FLORENCIO
DELGADO
GURRIARÁN

FLORENCIO DELGADO E O EXILIO

Este ano dedicámoslle o Día das Letras Galegas a Florencio Delgado Gurriarán. Foi exiliado a México despois da Guerra Civil no barco Ipanema, no que ían unhas mil persoas. Unhas corenta delas eran galegas. Os

galegos dende o barco mandaron unha mensaxe nunha botella de cristal chea de esperanza e desexando que o conflito acabara pronto. Unha vez en México, aparte do seu labor de escritor, axudou aos demais exiliados españois.




Florencio Delgado Gurriarán, en Sargadelos en 1981. Fonte: La Región

O drama do exilio podémolo ver na actualidade en Ucraína na guerra con Rusia. Moita xente está morrendo e os sobreviventes algúns están exiliados. A xente de Ucraína perdeu moitos

dos seus fogares e está refuxiada en sitios con outras familias. Deberíamos axudar como fixo Florencio en México.

Zoe González Vázquez




PUBLICACIÓNS HISTÓRICAS DO COLEXIO

Historietas



Chamábase así unha das publicacións históricas do noso colexio e queremos recuperala

este ano no Viveiro. Se cadra, algún ou algunha reconece un traballo seu daquela época.



Foi publicada por primeira vez no curso 1998-99 (onde estabas ti daquela, eh?). Tratábase dunha recompilación de bandas deseñadas, cómics ou *tebeos*


(nin eles e elas o tiñan claro; como se pode ver na portada) creada polo alumnado de todos os cursos.





No primeiro número mesmo se poden ver un par de cómics da xente de 1º e 2º da ESO que,

daquela, aínda asistían ao noso colexio (eran os antigos 7º e 8º de EXB, claro). ■




2º B DE EDUCACIÓN PRIMARIA

Certamiño poético

O certamiño deste ano non sabemos en que lugar do Viveiro metelo. Por un lado, segue sendo poesía, así que tiña que estar aquí. Pero por outro,

os poemas tratan sobre as emocións e podía ir perfectamente no ao comezo. Boh, dá igual. Deléitate coas nosas palabras feitas beleza.



Non hai barreiras para o amor.
Quérote aínda que me doa o corazón.



Queridos amigos, hai que facer que a bondade
no noso mundo sexa unha realidade.



Estou furioso por non verte.
Bótote de menos sempre.



Se queres hostilidade,
eu douche amizade.



Que bonitiña é Alicia
coa súa cara de ledicia.

Téñolle moito cariño
ao meu irmán pequeniño.



Os nenos e nenas teñen moita xuventude
e tamén moita gratitude.



Cando vexo as espinacas verdes
o meu noxo por elas crece.



Teño moita pena
de non falar con ela.



Se envexa non queres ter
preocúpate só do que tes que facer.




Aínda es capaz de dicir que non temos pinta de poetas. (☺)

4º B DE EDUCACIÓN PRIMARIA

Galechisteando

Hai que dicilo así: o alumnado de 4º somos uns xenios do humor. Que non nos cres? Bótalle

un ollo a esta sección. Un luxo para escachar coa risa!



Dous tolos durante o baño. Un deles di:

—A que non sobes nadando pola ducha?

—Eu non

—E por que non?

—Porque cando chegues ti arriba, péchala e eu caio.

Assane



Por que un vampiro non quere ter fillos?

Porque ten medo de dar a luz.

Antón

A mestra pregúntalle a Jaimito:

—Se eu digo que era rica é pretérito, pero se digo que son fermosa, que é?

—É exceso de imaxinación, profe.

Saray



Un galego dille a outro:

—Oes, Manolo, pásame o outro xampú.

—Pero se hai un no baño.

—Si, home, pero este é para cabelo seco e eu téñoo mollado.

Ahia

Unha filla preguntalle a súa nai:

—Mamá, cando eu vin ao mundo, quen me deu a intelixencia?

—Seguro que o teu pai porque eu aínda teño a miña.

Daniela



—112, teño un ferido.

—Cal é o seu estado?

—Eu son casado.

—Non, o do ferido.

—El é solteiro.

—Non, señor, que como está?

—Eu ben, e vostede?

—Onde están?

—Na cociña.

—Pero en que parte?

—No chan... Boh! Déixao, xa está morto.

Gabriel



Por que vai un ordenador a un hospital?

Porque ten un virus.

Rocío



Que lle di unha uva verde a outra morada?

Respira, parva, respira!

Pilar



Que lle di un ovo a unha tixola?

Xa me tes frito!

Fátima



*A razón unifórmanos, as **emocións**
singularízannos.*

Baruch Spinoza

PASATEMPOS

VEÑA, A VER SE ES QUEN DE RESOLVELOS!


Imposible aburrirse!

Sopas de letras


Fixácheste na cantidade de PIRIXEL que está a medrar nos nosos bancais? Pois busca esta e outras 11 plantas.

Nivel
MEDIO

ALLO, CABAZA
CEBOLA
CEBOLO
CENORIA
CHÍCHARO, FABA
LEITUGA
PATACA
PEMENTO
PIRIXEL, REPOLO



Á parte de España, mira que hai países no mundo, non si? Busca 12, logo.




ALEMAÑA
ALXERIA, ARXENTINA
BÉLXICA, CUBA
MARROCOS, MÉXICO
NIXERIA, PARAGUAI
RUSIA, XAMAICA
XAPÓN

3

EU NO EXILIO



Equipos de Dinamización da Lingua Galega



Sopa de letras

Busca 7 palabras relacionadas coa miña vida e os meus libros. Se queres pistas, mira na [guía](#).





Xeroglífico

Xesta emocional, o noso proxecto da biblio. Ao mellor, sentes esa emoción cando a descubras nestes debuxos de [Arasaac](#).




As 7 diferenzas

Velaí as imaxes do logo de Florencio Delgado do noso colexio. Atopa nelas as sete diferenzas:



Mandala

Seguimos con máis emocións. Desta volta, unha imprescindible: o amor. Ti agora voste relaxar un chisco coloreando este debuxo que che propoñemos desde donteatthepaste.com.



Mensaxe oculta con premio (se cadra)


Cambia cada número pola letra correspondente na orde do abecedario. Olo, no alfabeto galego, non no castelán (que ten máis letras). Que que hai que buscar? Adiviñáchelo: unha emoción.

11/14/17/17/9/13/1

Solución:

Labirinto tridimensional

As emocións soben e baixan, mais ti neste labirinto só vas ter que baixar utilizando as escaleiras sempre. Non podes saltar. Non fagas trampas!



Fonte: tuexperto.com

CAVILAR SEMPRE TEN PREMIO!

Xa resolviches o mensaxe oculta, non si? Pois agora pos os teus datos, colles unha tesoura e recortas este papel pola liña e entrégaslo ao teu ou á túa profe do curso que vén.

OLLO! NON A ENTREGUES AGORA, FAINO EN SETEMBRO.

Prazo de entrega: desde o xoves, 8 de setembro, ata o venres, 19 dese mes.

NOME E APELIDOS:

CURSO:

ETAPA:

O noso cole na rede



A nosa web.



A aula virtual.



O blog da biblio.



O Face oficial



*As **emocións** dinnos que feitos son
verdadeiramente importantes para a nosa vida.*

Nico Frijda

QUE LER NO VERÁN?

RECOMENDACIÓNS LECTORAS



Que ler no verán?

No verán hai tempo para todo e unha cousa divertida que podes facer é coller un li-

bro, buscar unha boa sombra e sentar a gozar da lectura. Planazo!

En galego

EDUCACIÓN INFANTIL



O COCIÑEIRO MARTIÑO de Iago López. O libro é bo, pero Iago contándoo é unha gozada. Se tes ocasión, vaino ver.

+ INFO: [Anaya](#)

1º E 2º DE E. PRIMARIA



QUEN É QUEN? de Vera Galindo. Unha viaxe a través da historia das máscaras.

+ INFO: [Bulubú](#)

3º E 4º DE E. PRIMARIA



PAPÁ CANIBAL de Antonio Fraga. Fedora está farta de que o abusón do cole se meta con ela, así que decide facer algo orixinal.

+ INFO: [Xerais](#)

6º E 5º DE E. PRIMARIA



O NENO DE LUME de Leticia Costas. Morgan é un neno peculiar. Diso non hai dúbida, non si?

+ INFO: [Xerais](#) ■

En castelán


EDUCACIÓN INFANTIL



MI PRIMER LIBRO DE GLORIA FUERTES de A. A. Gómez Yebra. [...] *fue muy laborioso el parto de mi madre / que si se descuida muere por vivirme.* Así escribía.

+ INFO: [Anaya](#)

1º E 2º DE E. PRIMARIA



BELLOTA Y SUS AMIGOS de Greg Pizzoli. Divértete coas aventuras de Bellota e os seus amigos!

+ INFO: [Anaya](#)



3º E 4º DE E. PRIMARIA




HOY NO ME QUIERO LEVANTAR de Lola Suárez. Pois iso, que Ana non se quere erguer e non hai maneira de sacala. A ver quen a chimpala da cama.

+ INFO: [Anaya](#)



6º E 5º DE E. PRIMARIA



ALMA DE ELEFANTE de Andrea Maceiras. Una tenra historia de amor polos animais.

+ INFO: [Anaya](#) ■





XUNTA DE GALICIA

COLEXIO EDUCACIÓN INFANTIL E PRIMARIA RAQUEL CAMACHO



OFERTA EDUCATIVA

educación infantil

educación primaria

QUE ESCOLA SOMOS?

innovadora

familiar

integradora

respectuosa

potenciadora

SERVIZOS

comedor

madrugadores/as

actividades extraescolares

patinaxe
colorín colorado
comococos
english lab
enredados
fútbol
predeporte
recrearte
teatro...



EDIXGAL



Equipos de Dinamización da Lingua Galega